



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

O cur' a mala criada
terminaron de cocer,
tiñan a leña no monte
i a fariña por moer-e.

O cur' a mala criada
cando van pra romaría,
o cura vai de sotana
i ela vai sin faldriña.

O cura de Moredo
non ñe cura nin señor-e
que confesou a criada
dabaixo do cobertor-e.

O cura cando sal' da casa
deixa dito á criada:
“Deitate na miña cama,
cúbrete coa miña manta.”

O cura de Moredo
non é cura nin señor-e
que rompeu unha perna
i-a baixar do Capador-e.

O cura de Moredo
'stache muy enfadado
que lle non caben na igrexa
i-as do pelo recortado.

O cura vendeu a besta
po' lle non da-la cebada,
ahora vai ós entierros
da cabalo da criada.

Señor cura de Moredo
a doutrina non lla sei:
preghúntem' as cantighillas
qu' eu llas repenicarei-e.

Arrieiriño Vicente
deixa descansa-las mulas,
tamén os mais arrieiros
deixan descansa-las súas.